


2.4.- Producción e comercialización



Neste capítulo estúdanse as actividades englobadas dentro do subsector mar-industria partindo da información facilitada, fundamentalmente, pola Consellería de Pesca, os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma e mailo servizo de información Ardán.

Producción

Nun primeiro apartado analízase a produción pesqueira e o seu valor para os anos 2000 e 2001 a partir de datos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

O **cadro 2.20.** mostra como no período 2000-2001 se produciu unha redución tanto no volume como no valor da produción pesqueira en Galicia. Esta redución foi do 7,3% en canto ó volume e do 3,6% no valor da mesma.

En relación á extracción e valor do peixe segundo zonas, o **cadro 2.21.** mostra como se produce unha redución do volume de produción de peixe do 5,6% mentres que a redución do valor da mesma foi do 2,5% debido, fundamentalmente os incrementos do 84,4% e do 35% do valor da produción na ría de Muros-Noia e na Costa Noroeste, respectivamente. A costa lucense segue sendo no ano 2001 a que presenta un maior volume de pesca, con 30.851 toneladas (un 3,3% máis que o ano anterior), seguíndolle en importancia o Arco Ártabro e a Ría de Vigo. Entre estas tres zonas de produción acollen o 63,2% da produción de peixe total de Galicia, fronte ó 58,5% do ano anterior. Neste senso é importante salientala redución na produción de peixe experimentada pola Ría de Arousa, pasando de producir máis de 23 mil toneladas no ano 200 a 13 mil no ano 2001, o que supuxo unha redución do 45,2%

2.20.

Producción pesqueira e acuícola 2000-01: distribución segundo especies ou grandes grupos de especies

Especies	Producción			Valor		
	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00
	(en Tm.)		(%)	(en miles de €)		(%)
Producción pesqueira (1)	144.849,2	134.332,8	-7,3	347.455,2	334.863,8	-3,6
Bivalvos e Gasterópodos	8.021,3	5.124,3	-36,1	44.515,2	35.103,0	-21,1
Cefalópodos	6.671,8	6.158,8	-7,7	14.121,0	16.681,0	18,1
Crustáceos	1.432,4	1.418,0	-1,0	21.069,7	21.739,6	3,2
Peixes	128.232,1	121.079,0	-5,6	267.257,5	260.505,3	-2,5
Outros invertebrados mariños	491,6	552,7	12,4	491,7	834,9	69,8
Producción acuícola (2)	253.350,7			143.269,4		
Cefalópodos	27,5			116,3		
Moluscos cultivados en parque	2.588,0			11.109,6		
Moluscos cultivados en viveiro	247.531,5			109.606,1		
Peixes	3.203,6			22.437,4		
Total	398.199,9			490.724,6		

(1) Os datos do ano 2001 son datos provisionais

(2) Os datos do ano 2000 son datos provisionais

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

2.21.

Producción e valor do peixe 2000-01: distribución segundo zonas

	2000		2001(1)		2001/2000	
	Tn	(en euros)	Tn	(en euros)	Tn	(en euros)
					(%)	(%)
Costa Lucense	29.847,8	83.343.074,64	30.851,5	79.268.409,86	3,4	-4,9
Coruña-Norte	2.080,4	5.370.963,39	2.852,6	5.140.455,25	37,1	-4,3
Arco Ártabro	24.655,9	53.487.010,36	23.535,4	51.381.025,84	-4,5	-3,9
Costa Noroeste	7.523,2	7.171.872,64	9.325,3	9.679.801,86	24,0	35,0
Ría de Muros-Noia	4.914,2	3.683.294,29	7.368,4	6.790.643,17	49,9	84,4
Ría de Arousa	23.776,6	20.070.134,43	13.032,4	13.910.552,04	-45,2	-30,7
Ría de Pontevedra	14.844,8	30.874.930,45	11.892,0	25.995.561,68	-19,9	-15,8
Ría de Vigo	20.589,3	63.256.257,97	22.221,3	68.338.864,75	7,9	8,0
Total	128.232,1	267.257.538,17	121.079,0	260.505.314,45	-5,6	-2,5

(1) datos provisionais

Fonte: Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, Servicio de Información Pesqueira

no volume de produción e o 30,7% no valor da mesma.

Outro dato salientable no ámbito da produción é a cuantificación do volume de peixe desembarcado nos principais portos galegos en comparación co estado español. Neste senso, o **cadro 2.22.** mostra como na comunidade autónoma, o longo do ano 2001, desembarcouse case o 56% do peixe total desembarcado en España nese ano. Así, o porto de Vigo preséntase como o de maior importancia pola tonelaxe de peixe desembarcado a nivel estatal, co 19,8% do total de peixe desembarcado no conxunto do estado.

Segundo os datos proporcionados por Ardán, o **cadro 2.23.** mostra as actividades que comprende o sector primario no ano 2000 en

Galicia. O subsector mar-industria conta con 731 empresas, o que supón o 26,5% do total de empresas comprendidas dentro do sector primario. Esta porcentaxe ascende ó 34,3% para os ingresos de explotación, ó 36,7% para o V.E.B.c.f. e ó 40,4% do activo total para o conxunto do sector primario. As 731 empresas do subsector mar-industria manteñen un emprego medio de 27 persoas, situándose por riba da media do sector primario (20 persoas).

O **cadro 2.24.** mostra a desagregación por actividades do complexo mar-industria. Pode observarse como as actividades de distribución por xunto de peixes e mariscos e a extracción pesqueira e as actividades relacionadas engloban o 80% das empresas do complexo. No que respecta ós ingresos de explotación, as actividades de

2.22.

Desembarcos (1) ano 2001

Portos	Peso (t)	Comunidade Autónoma
Cantábrico Noroeste	259.819	
Vigo	67.415	Galicia
Ondarroa	26.437	País Vasco
Cangas	24.338	Galicia
A Coruña	19.479	Galicia
Burela	16.949	Galicia
Marín	16.612	Galicia
Sta. Uxía de Riveira	12.928	Galicia
Santoña	14.763	Cantabria
Cilleiro	12.734	Galicia
Bermeo	11.930	País Vasco
Guetaria	10.704	País Vasco
Aviles	9.285	Asturias
Pasaxes	8.638	País Vasco
Xixón	7.607	Asturias
Suratlántida	27.065	
Cádiz	7.757	Andalucía
Barbate	6.796	Andalucía
Punta Umbría	5.604	Andalucía
Illa Cristina	3.378	Andalucía
Sanlúcar de Barrameda	1.986	Andalucía
Porto de Santa María	1.544	Andalucía
Canarias	11.533	
As Palmas	6.500	Canarias
Sta Cruz de Tenerife	3.544	Canarias
Arrecife de Lanzarote	1.243	Canarias
Os Cristiáns	246	Canarias
Mediterraneo	39.748	
Castellón	6.300	Valencia
Almería	5.576	Andalucía
Roses	3.857	Cataluña
Vinaroz	3.754	Valencia
Adra	3.553	Andalucía
barcelona	2.288	Cataluña
Estepona	2.273	Andalucía
Altea	1.948	Valencia
Málaga	1.944	Andalucía
Villaxoiosa	1.744	Valencia
Tarragona	1.726	Cataluña
Santa Pola	1.635	Valencia
Ametlla de mar	1.596	Cataluña
Alicante	1.554	Valencia
Baleares	1.231	
Palma de Maiorca	381	Baleares
Andraitx	355	Baleares
Ibiza	194	Baleares
Soller	161	Baleares
Cala-Ratjada	140	Baleares
Galicia/ Total España %	55,96	
Total	339.396	

(1) Datos de xestión provisionais elaborados a partir de Notas de Venta e Declaracións de desembarque

Fonte: FAO, Informe sobre la ordenación pesquera de España
[<http://www.fao.org/fi/fcp/es/ESP/body.htm> (última revisión: 13-11-2002)]

2.23.

Sector primario 2000: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
(en millóns de euros)						
Complejo mar-industria	731	3.674,09	534,95	162,89	2.599,13	27
Complejo agro-gandeiro	1.213	5.000,22	523,04	153,88	2.249,60	18
Complejo silvicultura-madeira	806	2.031,82	396,34	131,55	1.569,60	18
Total	2.750	10.706,13	1.454,33	448,33	6.418,33	20
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	22,19	25,75	18,16	18,28	20,15	

Fonte: Ardán

2.24.

Complexo mar-industria 2000: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
		(en millóns de euros)				
Extracción pesqueira e actividades relacionadas	250	663,41	206,82	71,43	896,67	24
Acuicultura	32	70,53	19,02	8,59	120,76	17
Elab., manip., depós. e conservación de pescado	80	1.169,79	192,15	49,72	824,93	115
Almacenes frigoríficos de depósito	20	58,91	19,01	5,87	89,44	23
Distribución maiorista de pescados e mariscos	336	1.696,25	96,29	26,98	661,76	9
Distribución minorista de pescados e mariscos	13	15,20	1,66	0,29	5,59	10
Total	731	3.674,09	534,95	162,89	2.599,13	27
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	5,90	8,84	6,68	6,64	8,16	

Fonte: Ardán

2.25.

Complexo mar-industria 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	1999	2000	00/99
	(en millóns de euros)		(%)
Vigo	148,27	158,36	6,8
Cangas	28,33	35,38	24,9
Ribeira	33,44	33,83	1,2
A Coruña	32,15	33,50	4,2
Carballo	25,75	28,62	11,2
Boiro	16,91	24,55	45,2
Redondela	22,18	24,21	9,2
Marín	23,19	23,34	0,6

Fonte: Ardán

distribución por xunto seguen estando no primeiro posto, co 46% do total do complexo, seguidas, neste caso, das actividades de elaboración, manipulación, depósito e conservación de peixe (31,8%).

Polo que atinxe ó emprego medio, as actividades do complexo mar-industria que absorben un maior volume de emprego son as de elaboración, manipulación, depósito e conservación de peixe, con 115 empregados de media, cando a media do subsector sitúase nos 27 traballadores.

• Indicadores empresariais

Tal e como se sinalou anteriormente, o subsector mar-industria está constituído, seguindo a metodoloxía empregada por Ardán, por un total de 731 empresas. Os seus ingresos de explotación ascenderon a 3.674,1 millóns de euros (o 8,1% do

total galego) e xeraron un VEB total a custo de factores de 535 millóns de euros (o 6,1%).

O principal núcleo de localización segundo ó valor engadido bruto a custo de factores xerado polas empresas, **cadro 2.25.**, é Vigo, cun total de 158,4 millóns de euros (un 6,8% máis que no ano anterior), seguido de Cangas, cun valor engadido bruto xerado de 35,4 millóns de euros (un 24,9% máis que en 1999). Ó contrario do acontecido no ano anterior, cómpre salientar que os 8 municipios considerados presentan unha medra no seu valor engadido bruto xerado, salientando o caso de Boiro, cun incremento do 45,2%.

A conta de explotación agregada das 731 empresas pertencentes a este subsector, **cadro 2.26.**, reflicte que no ano 2000 as empresas do subsector mar-industria consideradas no seu conxunto presentaron unha medra do seu resultado

2.26.

Evolución da actividade no complexo mar-industria 1998-99: ingresos, custos e resultados

	1999		2000		00/99
	(en millóns de euros)	(%)	(en millóns de euros)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	3.398,88	100	3.674,09	100	8,1
Consumo e outros gastos de explotación	2.910,46	85,63	3.139,14	85,44	7,9
Valor engadido bruto a custo dos factores	488,42	14,37	534,95	14,56	9,5
Gastos de persoal	307,64	9,05	337,54	9,19	9,7
Resultado económico bruto da explotación	180,78	5,32	197,41	5,37	9,2
Amortizacións	85,02	2,50	93,53	2,55	10,0
Resultado económico neto da explotación	95,76	2,82	103,88	2,83	8,5
Resultado financeiro	-27,87	-0,82	-32,11	-0,87	-15,2
Ingresos financeiros	23,26	0,68	44,36	1,21	90,7
Gastos financeiros	51,13	1,50	76,47	2,08	49,6
Resultado de actividades ordinarias	67,89	2,00	71,77	1,95	5,7
Resultado de actividades extraordinarias	25,57	0,75	31,68	0,86	23,9
Resultado antes de impostos	93,46	2,75	103,45	2,82	10,7
Impostos	27,78	0,82	30,92	0,84	11,3
Resultado neto do exercicio	65,68	1,93	72,53	1,97	10,4
Cash-flow	145,73	4,29	162,89	4,43	11,8

Fonte: Ardán

neto do exercicio do 10,4%, para situarse nos 72,5 millóns de euros. O resultado antes de impostos creceu un 10,7%, acadando os 103,5 millóns de euros.

O resultado de actividades ordinarias aumentou no ano 2000 un 5,7% respecto ó ano precedente, para acadar 71,8 millóns de euros, o que significa o 2% dos ingresos de explotación, que medraron un 8,1% respecto ó ano 1999. O VEB a custo de factores experimentou unha medra do 9,5%, polo que a súa importancia relativa nos ingresos de explotación, medrou dende o 14,4% de 1999 ata o 14,6% de 2000.

Xunto a este crecemento do resultado neto do exercicio e do resultado de actividades ordinarias, hai que salientalo importante aumento experimentado polos gastos financeiros, que medran un 49,6% no ano 2000 respecto ó ano precedente (o seu peso relativo pasa do 1,5% ó 2,1% do 2000), e polos ingresos financeiros, que aumentan un 90,7% respecto ó ano 1999 (o peso relativo é do 1,2% fronte ó 0,7% do ano anterior).

En relación ó estudio do balance agregado das empresas deste sector, o **cadro 2.27.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 17,9% do circulante neto, acadando un fondo de

rotación de 265,3 millóns de euros, un 7,1% inferior ó existente o ano anterior. O 82,1% restante está financiado polos acredores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 53,2% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 9,4% respecto ó ano anterior, supoñen o 31% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 3,2%, cun peso relativo do 15,6% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 2.599,1 millóns de euros, un 9,4% superior ó valor de 1999, dos que 1.116,2 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 11,6% superior respecto ó ano anterior). Os 1.482,9 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 7,8% en relación a 1999.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro 2.28.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, un aumento do peso relativo dos gastos de persoal e unha medra da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 3,2 puntos inferior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 9,2 puntos porcentuais.

2.27.

Evolución do investimento e do financiamento no complexo mar-industria 1999-00

	1999		2000		00/99
	(en millóns de euros)	(%)	(en millóns de euros)	(%)	(%)
Activo total	2.375,11	100	2.599,13	100	9,4
Activo fixo (neto)	999,83	42,10	1.116,20	42,95	11,6
Gastos amortizables	7,04	0,30	7,35	0,28	4,3
Inmobiliado inmaterial	33,67	1,42	41,93	1,61	24,5
Inmobiliado material	648,13	27,29	694,16	26,71	7,1
Outro inmovilizado	310,63	13,08	371,55	14,30	19,6
Outro activo fixo	0,36	0,01	1,22	0,05	242,1
Circulante neto	1.375,28	57,90	1.482,93	57,05	7,8
Existencias	354,70	14,93	385,57	14,83	8,7
Debedores	817,00	34,40	857,29	32,98	4,9
Tesourería	112,10	4,72	112,10	4,31	0,0
Outro activo circulante	91,48	3,85	127,96	4,92	39,9
Fontes de financiamento	2.375,11	100,00	2.599,13	100,00	9,4
Financiamento permanente	1.285,42	54,12	1.381,48	53,15	7,5
Fondos propios	735,48	30,97	804,90	30,97	9,4
Recursos alleos l/p	391,89	16,50	404,39	15,56	3,2
Ingresos distribuídos en varios exercicios	158,05	6,65	172,18	6,62	8,9
Acreedores a curto prazo	1.089,69	45,88	1.217,65	46,85	11,7
Fondo de rotación	285,59	12,02	265,27	10,21	-7,1

Fonte: Ardán

2.28.

Complexo mar-industria 1999-00: estudo económico-financieiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2000	5,05	8,26	16,76	26,00	10,94	17,90	1,45	3,08	0,91	1,01	3,14	3,40
1999	6,51	10,90	15,31	26,32	10,16	17,88	1,72	3,16	0,78	0,94	3,04	3,44

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)				(%)				(%)			
2000	4,92	6,15	2,30	3,38	1,71	1,84	10,55	15,97	2,24	2,34	1,67	2,49
1999	5,35	6,33	2,46	3,40	1,71	1,85	12,36	17,99	2,05	2,19	1,71	2,59

Fonte: Ardán

2.29.

Consumo de peixes, moluscos e crustáceos 1991

	España	Galicia	G/E
	(en gr./persoa/día)		(%)
Peixes	98,3	110,9	112,8
Abadexo	1,8	5,03	279,4
Anguila	0,36	0,73	202,8
Atún	0,95	0,37	38,9
Lirio	1,8	5,03	279,4
Ollomol	0,34	0,54	158,8
Bonito	0,95	0,37	38,9
Bocareo	4,15	0,17	4,1
Congro	0,36	0,73	202,8
Dourada	1,76	3,67	208,5
Ovas frescas	0,25	0,2	80,0
Xurelo ou chicharro	2,88	11	381,9
Linguado ou rapante	5,47	7,22	132,0
Robaliza	0,11	0,02	18,2
Pescada (en toros)	3,17	8,06	254,3
Mero (en toros)	0,47	0,07	14,9
Castañeta	0,48	1,48	308,3
Pescadiña	20,7	22	106,3
Pexe espada	0,35	0,04	11,4
Peixe sapo (en filetes)	0,78	1,66	212,8
Samón ou relo	0,39	0,31	79,5
Salmonetes	0,23	0	0,0
Sardiñas	4,68	5,59	119,4
Troitas	1,16	0,6	51,7
Moluscos e crustáceos	14,21	25,13	176,8
Ameixas, chirlas, berberechos, etc.	1,27	1,62	127,6
Luras e similares	5,9	8,79	149,0
Cangrexos, nécoras e similares	0,15	0,45	300,0
Centolo	0,26	0,79	303,8
Cigalas, langostinos, gambas	3,24	2,54	78,4
Mexillóns	2,06	2,48	120,4
Ostras	0,07	0,36	514,3
Polbo	1,19	7,74	650,4
Vieira	0,07	0,36	514,3
Conservas de peixe, moluscos e crustáceos	8,13	10,92	134,3
Peixes salgados e afumados	2,66	6,09	228,9
Arenques, sardiñas e outros	0,37	0,11	29,7
Bacallao e outros	2,29	5,98	261,1
Peixes en aceite	2,66	2,16	81,2
Atún, bonito, xarda e outros	2,14	1,37	64,0
Sardiñas	0,52	0,79	151,9
Peixes en escabeche	2,09	1,97	94,3
Atún, bonito, xarda e outros	1,69	1,26	74,6
Sardiña	0,4	0,71	177,5
Moluscos e crustáceos	0,72	0,7	97,2
Ameixas, berberechos e similares	0,36	0,35	97,2
Mexillóns	0,36	0,35	97,2

Fonte: Estudio Nacional de Nutrición y Alimentación 1991, a partir de datos de INE, Encuesta Continua de Presupuestos Familiares

O devandito **cadro 2.28.** amosa a caída da rendibilidade económica no ano 2000, por mor da evolución da marxe, e o decrecemento da rendibilidade financeira antes de impostos influenciada pola evolución da rendibilidade económica e o crecemento do custo da débeda.

Comercialización

As actividades relacionadas coa comercialización dos produtos da pesca xeran unha importante actividade económica en Galicia, tal e como se demostra na táboa input-output para a pesca-conserva en Galicia, analizada neste informe.

No que respecta ó consumo de peixes, moluscos e crustáceos en Galicia, o **cadro 2.29.** mostra como o consumo en gramos por persoa e día de peixes en Galicia é de 110,9, mentres que en España este consumo sitúase en 98,3 gr/día. O maior consumo en Galicia estendese tamén ó caso dos moluscos e crustáceos así como ás conservas de peixe, moluscos e crustáceos.

Os establecementos de comercialización da pesca en Galicia expóñense no **cadro 2.30.** e son os seguintes.

- **Lonxas:** Nelas prodúcese a primeira venda

2.30.

Establecementos de comercialización da pesca Galicia 2002

Tipo de establecemento	Número	Empregos
Lonxas	63	400
Maioristas-exportadores	700	2.300
Almacéns frigoríficos	446	3.300
Centros de expedición	71	350
Cetarias	140	380
Total	1.420	6.730

Fonte: <http://www.xunta.es/conselle/pe/comercializacion.htm>

2.31.

Importacións e exportacións 2001 do capítulo 3 da/cara á Unión Europea, Francia, Portugal e o Mercosur

Cap.	Denominación	Importe (en millóns de euros)	cap. / total (%)	01/00	Unión Europea	Francia	Portugal	Mercosur
Importacións								
3	Pescados e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.322,8	14,11	25,3	328	49	112	243
Exportacións								
3	Pescados e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	735	7,93	9,0	620	73	280	3
Total Importacións		9.372,8	100	5,4	5.846	3.082	899	449
Total exportacións		9.271	100	11,7	7.660	2.405	1.676	121

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

dos produtos da pesca. Os 63 establecementos existentes en Galicia están xestionados, normalmente, polas confrarías de pescadores, proporcionando 400 empregos.

Na actualidade, 48 son lonxas informatizadas e dispoñen dun equipo informático con capacidade para realiza-la súa xestión. Asemade, todas están conectadas ó Servizo de Información Pesqueira.

- **Maioristas-Exportadores:** Son os que acondicionan, manipulan, empacan e expiden os produtos da pesca, dende os portos e as lonxas de orixe, ata o mercado.

Aproximadamente existen 700 establecementos deste tipo que proporcionan 2.300 empregos directos.

- **Almacéns frigoríficos:** En Galicia existen 446 almacéns de produtos pesqueiros conxelados, cunha capacidade de 336.038 metros cúbicos

de almacenamento e que dan emprego a 3.300 persoas.

- **Centros de expedición de moluscos:** Os 71 establecementos existentes en Galicia realizan a recepción, limpeza, depuración e expedición dos distintos tipos de moluscos, dando emprego a 350 persoas.

- **Cetarias:** Son establecementos onde se manteñen vivos ós crustáceos, cunha finalidade de regulación comercial. En Galicia están instaladas 140 cetarias que dan emprego a 380 traballadores.

No que respecta ó comercio exterior de peixe e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos, tal como mostra o **cadro 2.31.**, Galicia importou no ano 2001 produtos valorados en 1.322 millóns de euros, mentres que as exportacións alcanzaron un valor de 735 millóns de euros, polo que o índice de cobertura se sitúa nun 55,5%.

As importacións do capítulo 3 supuxeron o 14,11% das importacións totais de Galicia no ano 2001, fronte ó 7,93% que é o peso das exportacións do capítulo 3 sobre o total de exportacións de Galicia no citado ano. No que respecta á evolución das exportacións e das importacións do sinalado capítulo entre os anos 2000 e 2001, obsérvase un incremento en ámbalas dúas variables, así as importacións de produtos incluídos no capítulo 3 incrementáronse nun 25,3%, mentres que as exportacións dos mesmos produtos incrementáronse un 9% respecto do ano anterior.

Por áreas xeográficas, as importacións de produtos pesqueiros da U.E. ascenderon a 328 millóns de euros, fronte ás exportacións cara á U.E. que ascenderon a 620 millóns de euros, polo que existe un superávit comercial pesqueiro de 292 millóns de euros. As exportacións cara á U.E. supoñen o 84,3% do total de exportacións de produtos do capítulo 3 de Galicia, das que o 45% teñen por destino Portugal. As importacións de produtos do capítulo 3 proveñen de países da U.E. nun 25%, e de países do Mercosur nun 18,3%, supoñendo as importacións de produtos pesqueiros o 54% das importacións totais de Galicia do Mercosur. ■

